

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES DA XUNTA DE GALICIA E O SINDICATO DE TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE GALIZA (STEG), PARA A REALIZACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, Judith Fernández Novoa,

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades asinou co Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza (STEG) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia desde o día seguinte da súa sinatura, estará vixente no curso escolar 2022/23, e será prorrogado automaticamente por 4 cursos escolares sucesivos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Colaborar no eido da formación permanente do profesorado, dentro do ámbito de aplicación da Orde do 14 de maio de 2013.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se asinou fundaméntase no seguinte:

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades exerce as competencias en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, e ten entre outras funcións, o desenvolvemento de accións encamiñadas á formación e perfeccionamento permanente do profesorado, o cal constitúe unha das pezas clave do noso sistema educativo.

O Sindicato de Traballadoras e Traballadores de Galiza, de acordo cos seus estatutos, ten recoñecida entre as súas finalidades a formación do profesorado, e manifesta a súa vontade de desenvolver, como entidade colaboradora, accións formativas que contribúan á mellora do desenvolvemento profesional do profesorado en coherencia coas liñas de actuación prioritarias, obxectivos e finalidades establecidas en materia de formación permanente do profesorado na planificación realizada pola administración educativa e dispón de recursos necesarios para garantir o adecuado desenvolvemento de actividades de formación.

As dúas institucións están interesadas na creación dun marco de colaboración estable para a formación permanente do profesorado que estableza unha adecuada planificación das accións formativas e que permitan dar unha resposta adecuada ás necesidades formativas do sistema educativo e do persoal docente, coa finalidade de que repercutan positivamente no proceso de ensinanza e de aprendizaxe do alumnado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato



dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se asinou, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, na data da sinatura dixital

